

Bouvard e Pécuchet

Crítica arbitraria de libros e outros obxectos impresos

© 2010-2015 Bouvard e Pécuchet

A importancia da palabra no drama

Chegamos despois a unha terra gris

Raúl Dans

Xerais, Vigo 2011, 146 páxs.

Hai obras teatrais onde a palabra é fundamental. Fronte aos ensaios do teatro contemporáneo en que a montaxe ou os efectos escénicos son básicos, hai un tipo de teatro que se basea no diálogo dos personaxes, que ispen as súas almas fronte ao espectador. Esta obra de Raúl Dans é un bo exemplo deste tipo de teatro baseado na palabra.

Dans é xa un clásico do teatro galego, especialmente desde que escribiu *Lugar* (1994). Por certo, *Lugar* é elixida como unha das obras básicas por esa grande obra canonizadora da literatura galega que é o *Diccionario da literatura galega. Obras* (de Galaxia. Paradoxalmente, Dans non figura neste mesmo diccionario no tomo dedicado a *Autores*. Así de rigorosa é a nosa filoloxía académica). Agora con esta obra que comentamos, como xa fixera con *Lugar*, volve gañar o Premio Álvaro Cunqueiro 2010. E a fe que, tras a lectura da obra, non foi mala a elección do xurado, senón moi acaída.

Chegamos despois a unha terra gris inscríbise dentro dese teatro en que é fundamental o diálogo dos personaxes. Articulada en dous actos asistimos basicamente á vida de tres xeracións de mulleres (avoa, nai e neta) que viven de xeito insatisfactorio. Fronte ao tópico de que a maternidade realiza plenamente as mulleres, as tres mulleres de *Chegamos despois a unha terra gris* viven a experiencia de seren nais como algo traumático, pois as relacións nai-filla nunca son doadas, malia o cariño e amor que hai, iso é indubidable, entre nais e fillas.

Dun xeito acertado, o prologuista Xerardo Couto sinala que, como fan os personaxes do estadounidense Robert Frost, os personaxes desta obra de Dans, sobre todo as tres mulleres, atópanse ante un fracaso vital e pensan como podería ter sido a súa vida se nun determinado momento elixisen outra ou outras alternativas vitais. Helena decidiu coidar a filla e abandonou a pintura. Mais como sería a vida de Helena, se optase seguir coa pintura? Ben é certo que o amigo que optou por ser pintor tampouco parece feliz... Xa que logo, Dans ponnos ante o tema universal da angustia existencial que causa nas persoas a liberdade, a posibilidade de elixirmos o que queremos ser, pois non sabemos se acertaremos ou non. Por outra banda, se tivésemos elixido unha opción distinta, ao mellor tampouco conseguiríamos ser felices...

Tema que atravesa toda a obra é a dificultade das relacións en parella, que son vistas desde a perspectiva de catro mulleres: a avoa Pura, a nai Helena, a neta Luísa e mais a amante do marido de Helena, Raquel. Todas fracasan na súa relación amorosa, porque non coincide a imaxe que tiñan do home amado co que este era na realidade. Ou tamén, porque todos cambiamos ao longo do tempo e Andrés (o marido de Helena) no é xa o mesmo de cando era estudante revolucionario ao de agora, executivo dunha multinacional.

Por outra banda, a maternidade non é en ningún caso unha fonte de satisfaccións. Pura e Helena manteñen unha relación difícil, que se reproduce en Helena-Luísa. Pola súa banda, a maternidade en Luísa máis ca unha fonte de pracer é unha angustia que a leva ao consumo de tranquilizantes, mentres o seu marido Iván tarda en asumir a súa homosexualidade.

Os personaxes péchanse dentro de si mesmos e non se comunican cos outros. Entre marido-muller, amantes ou nais-fillas levántase o muro da incomunicación e todos pensan en como podería ser a súa vida máis feliz de ter elixido doutro xeito e non pensan no outro. Pero non porque sexan egoístas, senón porque a súa propia angustia non os deixa saír de si mesmos.

Na obra priman as mulleres. Realmente é un drama de mulleres e o espectador-lector sae coa conclusión de que, malia os esforzos feitos pola igualdade, os fillos e os vellos seguen a ser tarefas exclusivas das mulleres. Helena coida a filla e deixa a pintura, mentres o marido progresista se converte en executivo dunha multinacional. Pura e Helena coidan non só os fillos, senón tamén os anciáns dependentes. A neta Luísa asume, como a nai e a avoa, o coidado da súa filla, aínda bebé, Uxía, mentres o marido Iván tenta vivir pola súa conta... A historia da submisión feminina repítese, aínda que pasen os anos.

Hai que salientar tamén a mestría dos diálogos, escritos nun galego estándar coloquial, que resulta dunha gran verosimilitude.

Nestes tempos en que se representa tan pouco teatro, esta obra resulta doada de representar por basearse, como xa dixemos, no diálogo, por presentar moi poucos personaxes e mesmo por necesitar de moi poucos cambios de decorado. Tamén resulta doada para ser utilizada como teatro lido nas nosas clases de segundo ciclo de Secundaria e mais de Bacharelato. Os temas que trata e mesmo as teimas dos personaxes son adecuados para seren tratados nas clases non só de Lingua, senón de Historia, Filosofía ou Cidadanía (a falta de comunicación, a angustia existencial que provoca a liberdade e ter que elixir que vida queremos, o abandono do mundo rural, o problema social do coidado dos bebés e dos anciáns dependentes na nosa sociedade...) a partir da lectura en teatro lido por parte do alumnado.

En fin, obra ben feita de quen se ve que coñece o teatro por dentro e, especialmente, o teatro galego pois non require de grandes medios técnicos nin económicos para ser representada. Tamén é doada para ser usada como texto no ensino na variante de teatro lido.

Manuel Rodríguez Alonso

[Leave a comment](#)